

Folla Informativa nº 19 febreiro 2008



Tartaraña cincenta

www.sgosgo.org

Atlas das Aves de Galicia 2008-2012 - Atlas invernantes

A Comisión formada para o impulso e coordinación do proxecto de Atlas de ciclo anual das aves de Galicia traballou no último cuadrimestre do pasado ano na proposta e metodoloxía para un proxecto tan ambicioso como o que estamos a formular o cal nesta primeira fase está practicamente finalizado. No entanto, e diante da proposta de colaboración por parte da Sociedade Española de Ornitología (SEO) para o Atlas de Aves Invernantes 2008-2010 que esta entidade nos formulou a finais do pasado ano, a Comisión de Atlas, xunto coa Xunta Directiva da SGO, analizou a proposta e finalmente decidiu asinar un acordo coa SEO. Deste proceso, publicitando o borrador do acordo xa previamente, deuse información a finais de novembro do pasado ano a través do foro "galiciaaves" e na nosa páxina web.

Os interesados en colaborar poden dirixirse aos coordinadores provinciais establecidos, que compoñen tamén a Comisión do proxecto do Atlas:

A Coruña: Miguel A. Conde Teira
botolumia@yahoo.es

Lugo: Xabier Vázquez Pumariño
xabiervp@gmail.com

Ourense: Martiño Otero Cabana
mcohyla@yahoo.es

Pontevedra: Cosme Damián Romai Cousido
cdromai@gmail.com



Taller de Procelariformes en Cariño

Os pasados 16 a 18 de novembro de 2007, celebrouse no incomparable marco da vila de Cariño (A Coruña) o **I Taller Internacional sobre Ecología de Paíños y Pardelas en el Sur de Europa**.

O programa de actividades contou con 3 sesións principais de relatorios:

- Pardelas no sur do Paleártico Occidental
- Paíño Europeo
- Pardela Balear

O taller foi todo un éxito e contou coa presenza de destacados ornitólogos tanto profesionais como afeccionados, compartindo coñecementos, experiencias e proxectos arredor deste grupo de aves mariñas tan singular e ao mesmo tempo descoñecido.

Curso de ornitología

A SGO organiza en colaboración coa Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela, o **I Curso de Ornitología**, do 28 ao 30 de marzo de 2008.

O curso, cun límite de 50 prazas, permítelles acadar aos alumnos interesados un crédito de libre configuración. O prezo é de 15 €, 10 € para os socios da SGO, incluíndo dúas excursións guiadas ao PN de Corrubedo e á Terra Cha.

É de destacar a organización do mesmo con ata nove relatores, todos membros da nosa asociación e con contrastada experiencia nos temas que cada un deles presentará. Máis información, co detalle completo do programa, na web da SGO (www.sgosgo.org). Inscripcions e consultas no correo electrónico sgosgo@sgosgo.org.

Circus pygargus, Ave do Ano da SGO en 2008

Como novidade, a actual Xunta Directiva da SGO decidiu impulsar a elección e lanzamento da campaña *Ave do Ano* no noso país, e elixiu para o 2008 a tartaraña cincenta (*Circus pygargus*).

A idea da campaña xorde co fin de realizar unha serie de actividades relacionadas coa especie que cada ano se elixa, cun carácter non só divulgativo senón tamén participativo para os membros da SGO.

Así, na apertura do I Curso de Ornitología que anteriormente anunciamos, terá lugar a presentación da campaña **Ave do Ano 2008**, cunha breve exposición sobre a especie. Fixemos tamén unhas bonitas camisetas que animamos a todos a adquirir ao prezo de 10 € en xeral, e 8 € para os socios da SGO. Mais información (tallas, cores,..) na web da SGO (www.sgosgo.org). Inscripcions e consultas no correo electrónico sgosgo@sgosgo.org.

Convocatoria de Asemblea Ordinaria / Extraordinaria - 2008

Xunto envíase carta de convocatoria ás asembleas anuais da nosa asociación, que terán lugar na Facultade de Bioloxía de Santiago o próximo 12 de abril. Animámoste a participar e a coñecer o que levamos feito e o que pretendemos facer neste ano 2008.

Tense prevista ao final da mesma, a entrega simbólica do nomeamento como Socio de Honra da nosa asociación ao compañeiro José Luís Rabuñal Patiño, a quen xa convidamos a deleitarnos, aínda que sexa brevemente, cunha das súas sempre interesantes disertacións.

VII Congreso Galego de Ornitología



Como unha das grandes citas ornitológicas deste ano, a SGO iniciou xa os primeiros pasos para a celebración do VII Congreso Galego de Ornitología, que terá lugar previsiblemente do 26 ao 28 de setembro de 2008 en Monforte de Lemos.

O tema central nesta edición é “As Aves e a Agricultura”. Pódese consultar máis información na primeira circular informativa adxunta, así como na páxina web da SGO www.sgosgo.org.

O Comité Organizador está formado polos socios: Augusto de Castro, Óscar Rivas, Xavier V. Pumariño, Suso Taboada, José Otero e Eva Villares. Pódese remitir a preinscrición adxunta ata o 15 de abril ou entrar en contacto cos organizadores, para calquera consulta, no enderezo: congreso2008@sgosgo.org.

NOTA: A organización do pasado VI Congreso (e V Xornadas Ornitológicas Cantábricas) está traballando para facerlles entrega canto antes aos participantes da edición final das Actas do mesmo, con non pouca demora, pedindo dende xa desculpas a tod@s.

Actividades recentes

- Edición dun calendario e almanaque do 2008 para o peto de todos os socios da SGO. Xunto facémosche entrega deste pequeno agasallo.
- Solicitud de declaración como ZEPA para A Limia, Pena Trevinca e A Terra Chá (enviada á Consellería de Medio Ambiente).
- Escrito informando sobre os principais impactos do regadío sobre as aves na Terra Chá enviado á Consellería de Medio Ambiente.
- Queixa pola execución das obras de regadío na Terra Chá, enviado á Consellería de Medio Ambiente e pregunta ao Parlamento Europeo sobre as citadas actuacións.
- Na recente constitución dunha mesa de seguimento da “polémica” declaración de ZEPA na comarca da Limia manifestámoslle á Consellería de Medio Ambiente, entidade organizadora, a nosa queixa por non nos convocarnos.
- Por contra, a SGO participou na presentación do Plan Ancares o pasado mes de decembro, nesta ocasión si por invitación da Delegación en Lugo da Consellería citada anteriormente.
- Participación na xornada especial de entrega de premios de VozNatura do ano 2007, representados polo noso presidente.

- Notas de prensa presentadas :
 - Petición de non instalación dun parque eólico en Trevinca
 - Posicionamento ante as obras de regadío na Terra Chá e os seus impactos sobre as aves.
 - Posicionamento ante os medios pola desinformación e alarmismos coa presenza de voitres en Galicia
- Anuario 2003: coordinado por Luís J. Salaverri e Jesus Taboada, entregado xa a todos os socios.
- Anuario 2004, coordinado por Juan C. Epifanio e César Vidal, atópase en fase de revisión de citas, tendo prevista a súa edición para este verán.
- Anuario 2005, será coordinado por Cosme Damián Romai e Xavier Varela.
- Anuario Especial 10 anos : 1992-2002, ampliado o prazo de recompilación de información, coordina Xurxo Piñeiro.
- Revista **A Carriza**, na súa fase final de recompilación de artigos e notas breves por parte de José Souza e cun certo debate no ámbito do presente e futuro das publicacións galegas deste tipo. Agardamos que o novo número, con formato tipo anuario, vexa a luz o antes posible.
- Grupos de traballo:
 - **O Comité Avifaunístico Galego**, de recente constitución, informa da presentación en poucas semanas da Lista de Rarezas Galegas.
 - **Atlas de nomes vernáculos**, continúa a recompilación de información ate xuño, coordinan Cosme Damián (cdromai@gmail.com) e Jesus Taboada (susotaboada@hotmail.com).
 - **GTAR Aguiá Real**: na web da SGO podedes consultar a nota informativa sobre a campaña do 2007. Continúa o traballo este ano, no que a SEO ten en marcha un censo a nivel estatal.

ÚLTIMA HORA:

Censo de Falcón Peregrino

No 2008 a SGO participa e coordina en Galicia o Censo Nacional de Falcón Peregrino promovido por SEO/Birdlife en todo o territorio español.

Os interesados en participar ou achegar algún dato sobre a especie poden contactar con:

A Coruña: Alberto Monteagudo
amonteagudo@terranova-sl.es

Lugo: Oscar Rivas orivaslopez@gmail.com

Ourense: Juan Carlos Epifanio
juancarlosepifanio@gmail.com

Pontevedra: Jesús Taboada
susotaboada@hotmail.com